



CONCELLO DE TORDOIA.- (A

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 E-mail: correo@tordoia.gal

En relación co expediente **2024/C003/000003** relativo á contratación da obra **“REMATE DE FACHADA E CUBERTA EN CENTRO SOCIAL”**, elaborado polo Arquitecto Isidro López Yáñez, Colexiado 2261, con data Agosto 2024, con motivo da inclusión no Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Tordoia, aprobado por Decreto asinado con data 8 de agosto de 2024 (expte. 2024/G003/000234).

Visto que o importe previsto para este contrato como orzamento base de licitación (IVE excluído) ascende á cantidade de 247.605,81 euros, sendo de IVE 51.997,22.- euros o que fai un total de 299.603,03.- euros IVE engadido.

Visto que o órgano de contratación para este contrato é o Alcalde da Corporación.

Visto o informe emitido pola Secretaria-Intervención CON DATA 19 Agosto de 2024.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado para os proxectos que se indica, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto con cargo a aplicación orzamentaria correspondente.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato xunto cos criterios de valoración propostos polo órgano de contratación.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante (dirección web indicada no apartado 14 do cadro de características do contrato) co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017.

QUINTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os PCAP e os de PT.

SEXTO.- Nomear a mesa de contratación permanente do concello de Tordoia designada por acordo de Pleno do 28 de xuño de 2023 e publicada a súa composición no BOP da Coruña nº 130 do 10 de xullo de 2023.

SÉTIMO.- Designar a empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnica para que emita o informe de puntuación da documentación que figurarán nos sobres e que son obxecto de avaliación.

En Tordoia, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE

Eduardo Antonio Pereiro Liñares
(asinado dixitalmente)